CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Acta nº 2026/7 da sesión Ordinaria do Pleno da Corporación do concello de Muros celebrada o día xoves 25 de xuño de 2026

Expediente número: 2026/G010/000007

PEGADA DIXITAL: 324d29deb8cdf0da2be778708357bf044686bce12101c57f5a7eb2d771942116

URL https://www.youtube.com/watch?v=zhZibSTA6p4

PERSOAS ASISTENTES:

PRESIDENTA:

Da. María Lago Lestón (BNG)

CONCELLEIROS/AS:

Da. Laura Eiras Rivadeneira (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

Da. María del Carmen González García (PP)

Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP)

D. Juan Manuel Martinez Martinez (PP)

D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)

Non asiste pero xustifican a súa ausencia o concelleiro D. Mario Martínez Lago (BNG) e D. Damian Torea Garcia (PSOE)

O SECRETARIO ACCIDENTAL
D. José Manuel Mayo Priegue

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores num. 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026 e núm. 6 do pleno ordinario do 28 de maio de 2026

SEGUNDO. Declaración Institucional con motivo do día internacional do orgullo LGBTI+, 28 de xuño .

TERCEIRO. Declaración institucional de apoio ás veciñas e veciños da Ribeira do Maio e o Artón no proceso de desafectación e alleamento das parcelas excluídas do dominio público marítimo-terrestre

CUARTO. MOCIÓNS DE URXENCIA

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

QUINTO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 463/2026 do 20 de maio ata a núm. 581/2026 de 18 de xuño de 2026, e das actas da XGL núm. 11 de 27 de maio e núm. 12 de 11 de xuño de 2026, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

SEXTO. Rogos e preguntas

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello, que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión con arranxo á seguinte orde do día,

Primeiramente a Sra. Alcaldesa informa que se vai a proceder á votación a inclusión na Orde do día do punto 3 Declaración institucional de apoio ás veciñas e veciños da Ribeira do Maio e o Artón no proceso de desafectación e alleamento das parcelas excluídas do dominio público marítimo-terrestre que non foi ditaminado na comisión informativa pertinente.

Logo das deliberacións sobre a procedencia da inclusión deste punto na orde do día, sométese a súa inclusión a votación, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (2), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, acorda incluír na orde do día do Pleno ordinario número 7 do 25 de xuño a Declaración institucional de apoio ás veciñas e veciños da Ribeira do Maio e o Artón no proceso de desafectación e alleamento das parcelas excluídas do dominio público marítimo-terrestre

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

PRIMEIRO. Aprobación das actas anteriores núm. 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026 e núm. 6 do pleno ordinario do 28 de maio de 2026

A Sra. Alcaldesa pregunta se existe algunha observación respecto da acta número 5 do Pleno extraordinario do 8 de maio de 2026. A voceira do grupo municipal do Partido Popular manifesta que solicitou que constase na acta que a súa terceira chamada á orde e posterior expulsión do Pleno se produciron por responder a unha pregunta directa formulada pola Alcaldesa. Esta indica que todas as intervencións da sesión constan recollidas na acta multimedia incorporada ao expediente, na que figura o desenvolvemento íntegro do debate.

Procédese a votación da aprobación da acta número 5 do pleno extraordinario do 8 de maio de 2026 co seguinte resultado:

Votos a favor do grupo municipal do BNG (3) e do grupo municipal do PSOE (2)
Votos en contra do grupo do Partido Popular (5)
Abstencións do grupo mixto Muros Centrado (1)

Producíndose un empate na votación e repetida esta, de conformidade co disposto no artigo 100.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, obtívose o mesmo resultado, polo que decidiu o voto de calidade da Alcaldesa, quedando aprobada a acta número 5 do pleno extraordinario do día 8 de maio de 2026.

A continuación, a Sra. Alcaldesa pregunta se existe algunha observación respecto da acta número 6 do Pleno ordinario do 28 de maio de 2026, e non habendo intervencións a mesma, procédese a votación a mesma e o Pleno da Corporación, tras a correspondente votación, acorda aprobar a acta nº 6 do pleno ordinario do 28 de maio de 2026, cos seguintes resultados:

Votos a favor: BNG (3), PSOE (2) e PP (5)
Abstencións: Muros Centrado (1) .

SEGUNDO. Declaración Institucional con motivo do día internacional do orgullo LGBTI+, 28 de xuño .

Intervén a Alcaldesa que lle dá a palabra a Sra. Martínez que procede a ler a declaración:

Como cada 28 de xuño, o Concello de Muros súmase á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGBTI+, unha xornada de memoria, reivindicación e compromiso democrático. Esta data non é unha celebración baleira nin unha simple efeméride institucional: é o recordo dunha loita colectiva contra a discriminación, a persecución e a violencia sufridas durante décadas por miles de persoas polo simple feito de amar, sentir ou vivir dunha maneira diferente á imposta polos prexuízos sociais.

O Orgullo naceu da rebeldía fronte á inxustiza. Naceu da valentía de quen decidiu erguer a voz contra a represión, o silencio e a exclusión. Grazas a esa loita conquistáronse dereitos fundamentais que hoxe forman parte da nosa democracia. Dereitos que non foron regalados, senón gañados mediante o esforzo, o activismo e a mobilización social.

Porén, os avances acadados non son irreversibles. Nun momento no que medran en Europa e no Estado español discursos reaccionarios que cuestionan dereitos fundamentais, banalizan a discriminación e sinalan ás persoas LGBTI+ como inimigos culturais ou políticos, é máis necesario ca nunca que as institucións públicas se posicionen con claridade.

O Concello de Muros afirma de maneira rotunda que non existe neutralidade posible diante da intolerancia. A democracia non pode ser equidistante entre quen defende a igualdade e quen promove a exclusión. Os dereitos humanos non son unha opinión nin unha ideoloxía: son a base da convivencia democrática.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Condenamos expresamente calquera manifestación de LGBTIfobia, xa sexa en forma de agresión física, acoso, discriminación laboral, discurso de odio, exclusión social ou violencia simbólica. Resulta especialmente preocupante o incremento das mensaxes de odio difundidas a través das redes sociais e determinados espazos políticos e mediáticos, que alimentan un clima de hostilidade contra persoas que simplemente reclaman vivir en liberdade e igualdade.

A realidade demostra que moitas persoas LGBTI+, especialmente a mocidade e as persoas trans, continúan sufrindo discriminación, insultos, acoso escolar, dificultades de acceso ao emprego e problemas de saúde mental derivados da estigmatización social. Esta situación esixe unha resposta firme das administracións públicas.

Por iso, o Concello de Muros comprométese a:

- Reforzar as políticas municipais de igualdade e diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- Desenvolver campañas permanentes de sensibilización contra a LGBTIfobia e os discursos de odio.
- Impulsar programas educativos que promovan o respecto á diversidade desde as primeiras etapas formativas.
- Garantir a formación específica do persoal municipal en materia de igualdade, diversidade e dereitos humanos.
- Apoiar ás entidades e colectivos que traballan na defensa dos dereitos das persoas LGBTI+.
- Visibilizar a diversidade como un valor democrático e unha riqueza social que fortalece a convivencia.
- Promover protocolos eficaces de prevención e actuación fronte ás agresións e situacións de discriminación.
- Estudar a posibilidade de persoarse xudicialmente en causas de agresión verbal ou física que atenten contra os dereitos das persoas LGBTI+, e que se dean dentro do termo municipal do noso concello.

O Concello de Muros considera que a defensa dos dereitos das persoas LGBTI+ é unha cuestión de democracia, liberdade e xustiza social. Non se trata de conceder privilexios a ninguén, senón de garantir que todas as persoas poidan vivir con dignidade, sen medo e en igualdade de condicións.

Neste Día Internacional do Orgullo LGBTI+, reafirmamos o noso compromiso coa memoria de quen sufriron persecución e coa loita de quen continúan defendendo os dereitos humanos fronte aos intentos de retroceso. Porque unha sociedade verdadeiramente libre non é aquela na que a diversidade é tolerada, senón aquela na que a diversidade é respectada, protexida e celebrada.

Muros non dará un paso atrás na defensa da igualdade, da liberdade e da dignidade de todas as persoas.

Porque os dereitos humanos non se negocian. Porque a igualdade non admite excepcións. Porque fronte ao odio, máis democracia.

Ábrese a quenda de intervencións, cuxo contido íntegro consta incorporado á acta multimedia do expediente.

Rematadas as intervencións, sométese a declaración institucional a votación, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (2), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, aproba a declaración institucional **con motivo do día internacional do orgullo LGBTI+, 28 de xuño**

TERCEIRO. Declaración institucional de apoio ás veciñas e veciños da Ribeira do Maio e o Artón no proceso de desafectación e alleamento das parcelas excluídas do dominio público marítimo-terrestre

Intervén a Alcaldesa que explica a proposta que é do seguinte literal:

O Concello de Muros manifesta o seu seguimento e preocupación pola situación que afecta á veciñanza da Ribeira do Maio e o Artón, na parroquia de Esteiro, no marco dos procedementos administrativos de desafectación e posterior alleamento das parcelas e edificacións existentes no ámbito, tramitados ante a Administración Xeral do Estado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Trátase dunha problemática de longa duración, derivada dunha realidade histórica consolidada e dunha complexa tramitación administrativa, na que conflúen cuestións de delimitación entre dominio público e propiedade privada, así como unha evidente diversidade de situacións xurídicas e rexistrais entre a veciñanza afectada.

O Concello de Muros quere deixar constancia de que esta situación xa foi abordada no Pleno do ano 2023, no que por unanimidade se puxo de manifesto a necesidade de avanzar na clarificación da situación rexistral, na coordinación entre administracións e na garantía da seguridade xurídica das persoas afectadas, así como o recoñecemento do carácter consolidado do asentamento existente no ámbito.

Así mesmo, no devandito acordo recolleuse a necesidade de considerar a situación rexistral das parcelas afectadas no marco do expediente administrativo, así como o compromiso de que os espazos que resultasen desafectados e cedidos ao Concello terían destino de uso público e gratuíto.

O Concello de Muros entende que o propio proceso en curso confirma a existencia dun asentamento plenamente consolidado, no que a Administración do Estado xa ten constatado que o ámbito non reúne as características propias do dominio público marítimo-terrestre, o que debe permitir a inmediata continuidade e culminación dos procedementos de desafectación e alleamento.

Por todo iso, o Concello de Muros reclama á Administración Xeral do Estado unha resolución inmediata, xusta e uniforme do expediente, que garanta igualdade de trato a todas as persoas afectadas e evite situacións discriminatorias derivadas da diversidade de documentación ou de interpretacións administrativas.

Así mesmo, o Concello de Muros manifesta o seu compromiso firme de defensa activa dos intereses da veciñanza afectada, reclamando ao Estado a axilización do procedemento e poñendo á disposición da cidadanía os servizos administrativos, técnicos e xurídicos do Concello para acompañar e facilitar todas as actuacións necesarias ante Patrimonio do Estado e demais organismos competentes.

O Concello de Muros considera imprescindible que a resolución deste proceso se basee en criterios de equidade, proporcionalidade e coherencia administrativa, recoñecendo a realidade dun núcleo de poboación consolidado e evitando que a veciñanza soporte as consecuencias de demoras ou disfuncións alleas á súa responsabilidade.

Finalmente, o Concello de Muros reafirma a súa vontade de seguir ao lado da veciñanza, defendendo os seus dereitos e reclamando ao Estado unha solución definitiva, xusta e acorde coa realidade existente en Esteiro.

Ábrese a quenda de intervencións, cuxo contido íntegro consta incorporado á acta multimedia do expediente.

Durante o debate a Sra. Caridad propón a inclusión do seguinte punto na declaración,

O Concello de Muros reclama á Administración Xeral do Estado:

1. Que se acorde a desafectación total das Fases III e IV

2. Se dea o mesmo trato tanto as parcelas privadas como as públicas, sen gravar a ningún veciño co pago de ningunha cantidade por ningún concepto, condonando os que puideran corresponder e tendo en conta tanto o tempo coma os atrancos que sufriron os veciños para manter estas parcelas e así o fixeron coma se foran donos reais

Sometida esta inclusión na declaración, o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (2), do grupo municipal do Partido Popular (5), e do grupo mixto Muros Centrado (1) acorda aprobar a inclusión desta modificación na declaración institucional

Así mesmo, a proposta do Sr. Lago, acórdase incorporar ao final da declaración o seguinte parágrafo,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Dar traslado da presente declaración á Administración Xeral do Estado e á Demarcación Territorial de Costas do Estado

Rematadas as intervencións, sométese a votación a declaración institucional, e o Pleno da Corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (3), do grupo municipal do PSOE (2), do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo mixto Muros Centrado (1), e por unanimidade, aproba a seguinte **Declaración institucional de apoio ás veciñas e veciños da Ribeira do Maio e o Artón no proceso de desafectación e alleamento das parcelas excluídas do dominio público marítimo-terrestre**

O Concello de Muros manifesta o seu seguimento e preocupación pola situación que afecta á veciñanza da Ribeira do Maio e o Artón, na parroquia de Esteiro, no marco dos procedementos administrativos de desafectación e posterior alleamento das parcelas e edificacións existentes no ámbito, tramitados ante a Administración Xeral do Estado.

Trátase dunha problemática de longa duración, derivada dunha realidade histórica consolidada e dunha complexa tramitación administrativa, na que conflúen cuestións de delimitación entre dominio público e propiedade privada, así como unha evidente diversidade de situacións xurídicas e rexistrais entre a veciñanza afectada.

O Concello de Muros quere deixar constancia de que esta situación xa foi abordada no Pleno do ano 2023, no que por unanimidade se puxo de manifesto a necesidade de avanzar na clarificación da situación rexistral, na coordinación entre administracións e na garantía da seguridade xurídica das persoas afectadas, así como o recoñecemento do carácter consolidado do asentamento existente no ámbito.

Así mesmo, no devandito acordo recolleuse a necesidade de considerar a situación rexistral das parcelas afectadas no marco do expediente administrativo, así como o compromiso de que os espazos que resultasen desafectados e cedidos ao Concello terían destino de uso público e gratuíto.

O Concello de Muros entende que o propio proceso en curso confirma a existencia dun asentamento plenamente consolidado, no que a Administración do Estado xa ten constatado que o ámbito non reúne as características propias do dominio público marítimo-terrestre, o que debe permitir a inmediata continuidade e culminación dos procedementos de desafectación e alleamento.

Por todo iso, o Concello de Muros reclama á Administración Xeral do Estado unha resolución inmediata, xusta e uniforme do expediente, que garanta igualdade de trato a todas as persoas afectadas e evite situacións discriminatorias derivadas da diversidade de documentación ou de interpretacións administrativas.

Así mesmo, o Concello de Muros manifesta o seu compromiso firme de defensa activa dos intereses da veciñanza afectada, reclamando ao Estado a axilización do procedemento e poñendo á disposición da cidadanía os servizos administrativos, técnicos e xurídicos do Concello para acompañar e facilitar todas as actuacións necesarias ante Patrimonio do Estado e demais organismos competentes.

O Concello de Muros reclama a Administración Xeral do Estado:

1. Que se acorde á desafectación total das Fases III e IV

2. Se dea o mesmo trato tanto as parcelas privadas como as públicas, sen gravar a ningún veciño co pago de ningunha cantidade por ningún concepto, condonando os que puideran corresponder e tendo en conta tanto o tempo coma os atrancos que sufriron os veciños para manter estas parcelas e así o fixeron coma se foran donos reais

O Concello de Muros considera imprescindible que a resolución deste proceso se basee en criterios de equidade, proporcionalidade e coherencia administrativa, recoñecendo a realidade dun núcleo de poboación consolidado e evitando que a veciñanza soporte as consecuencias de demoras ou disfuncións alleas á súa responsabilidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Finalmente, o Concello de Muros reafirma a súa vontade de seguir ao lado da veciñanza, defendendo os seus dereitos e reclamando ao Estado unha solución definitiva, xusta e acorde coa realidade existente en Esteiro.

Trasladar esta declaración á Administración Xeral do Estado e á Demarcación Territorial de Costas do Estado

CUARTO. MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai

B. PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

QUINTO. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 463/2026 do 20 de maio ata a núm. 581/2026 de 18 de xuño de 2026, e das actas da XGL núm. 11 de 27 de maio e núm. 12 de 11 de xuño de 2026, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

O Pleno da Corporación dáse por enterado

SEXTO. Rogos e preguntas

Formúlanse diversos rogos e preguntas polos membros da Corporación, cuxo contido íntegro, así como as respostas e intervencións producidas, constan recollidas na acta multimedia incorporada ao expediente electrónico da sesión.

Sendo ás 22:15 horas do día 25 de xuño de 2026, a Sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, de todo o que eu como secretario accidental dou fe.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

324d29deb8cdf0da2be778708357bf044686bce12101c57f5a7eb2d771942116

O vídeo gravado durante a sesión está incorporado ao expediente, asemade, está dispoñible para o público na URL:https://www.youtube.com/watch?v=zhZibSTA6p4

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015 e no artigo 109 do ROF, as intervencións producidas durante a sesión constan incorporadas á acta multimedia vinculada ao expediente electrónico, limitándose a presente acta á consignación dos extremos esenciais, acordos adoptados e resultados das votacións

Documento asinado electronicamente polo secretario accidental e a alcaldesa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: NrFpRaMkqILF8dLIi9GC Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/